


4 SÓLODOS EN DANZA OURENSE

21, 22 E 23 - NOVIEMBRE - 2019
AUDITORIO MUNICIPAL
OURENSE

FESTIVAL INTERNACIONAL DE DANZA CONTEMPORÁNEA
E CERTAME DE CREACIÓN DE DUOS E SOLOS



WWW.SOLODOS.ES

SÓLODOS



21 NOVIEMBRE - XOVES

10.00 - 11.00 h / Clase de Danza Contemporánea e Movemento para Público Xeral, a partir de 40 anos*

Imparten: Nacho Cárcaba / Erick Jiménez. | Lugar: Sala Apego

11.00 - 12.30 h / Función Escolar 1ª Semifinal + Charla co público / Sala Principal:

·**Función** das 5 pezas semifinalistas para público infantil e xuvenil.

·**Charla:** Ao finalizar o espectáculo haberá unha charla cos artistas.

·**Votación:** Os estudantes votarán a súa coreografía preferida. A peza ganadora tras a votación das dúas funcións escolares, recibirá o Premio Xove 2019 que se entregará o día 23.

Actividade realizada en coordinación coa Concellería de Educación Concello de Ourense.

17.00 - 18.15 h / Clase de Danza Contemporánea para Profesionais de Danza e Artes do Movemento*

Imparte: Nacho Cárcaba | Lugar: Sala Apego

18.30 - 19.45 h / Clase de Danza Contemporánea para Estudiantes de Escolas de Danza*

Imparte: Nacho Cárcaba | Lugar: Sala Apego

20.30 h / Función 1ª Semifinal / Sala Principal

22 NOVIEMBRE - VENRES

10.00 - 11.00 h / Clase de Danza Contemporánea e Movemento para Público Xeral, a partir de 40 anos*

Imparten: Nacho Cárcaba / Erick Jiménez. | Lugar: Sala Apego

11.00 - 12.30 h / Función Escolar 2ª Semifinal + Charla co público / Sala Principal:

·**Función** das 5 pezas semifinalistas para público infantil e xuvenil.

·**Charla:** Ao finalizar o espectáculo haberá unha charla cos artistas.

·**Votación:** Os estudantes votarán a súa coreografía preferida. A peza ganadora tras a votación das dúas funcións escolares, recibirá o Premio Xove 2019 que se entregará o día 23.

Actividade realizada en coordinación coa Concellería de Educación Concello de Ourense.

17.00 - 18.15 h / Clase de Danza Contemporánea para Profesionais de Danza e Artes do Movemento*

Imparte: Mikel Aristegui | Lugar: Sala Apego

18.30 - 19.45 h / Clase de Danza Contemporánea e Movemento para Estudiantes de Escolas de Danza*

Imparte: Mikel Aristegui | Lugar: Sala Apego

20.30 h / Función 2ª Semifinal / Sala Principal

***INSCRIPCIÓN CLASES DE DANZA:** info@solodos.es | 607 18 62 24 | Por orde de recepción ata completar aforo.

As clases de danza realizaranse na Sala Principal e Sala Apego do Auditorio Municipal de Ourense.



TIEMPO / Foto: Manu Lago



EL PESO DEL ORO / Foto: Nagare



ROJO / Foto: Giannis Dimitras

23 NOVIEMBRE - SÁBADO

10.00h - 11.30 h / Clase de Danza Contemporánea para Profesionais de Danza e Artes do Movemento*

Imparte: Mikel Aristegui | Lugar: Sala Principal

10.00h - 11.30 h / Clase de Danza Contemporánea para Estudiantes de Escuelas de Danza*

Imparte: Milki Lee | Lugar: Sala Apego

12.00 - 14.00 h / Foro SóLODOS / Sala Vermella

Intervenien: Erick Jiménez de Sólodos (Costa Rica - Ourense), Natividad Buil do Festival Trayectos de Zaragoza e Red A Cielo Abierto (Rede de Festivais de Danza Contemporánea en espazos non convencionais de España), Nacho Cárcaba (Ganador do Premio SóLODOS En Danza Ourense 2018 con Xira a Costa Rica) e Víctor López Carbajales (Xestor Cultural).

17.00h - 18.15 h / Clase de Danza Contemporánea para Profesionais de Danza e Artes do Movemento*

Imparte: Victoria P. Miranda | Lugar: Sala Apego

18.30h - 19.45 h / Clase de Danza Contemporánea para Estudiantes de Escuelas de Danza*

Imparte: Mikel Aristegui | Lugar: Sala Apego

20.30 h / Certame de Creación de Dúos e Solos / Sala Principal:

·**Certame**, dúos e solos en danza contemporánea seleccionadas nas dúas semifinais previas.

·**Descanso 10 min. Votación Premio do Público.**

·**Actuación Artistas convidados:**

TIEMPO / Nacho Cárcaba / Asturias / Ganador SóLODOS En Danza / Ourense / 2018 / con premio Xira Costa Rica

Intérprete e coreografía: Nacho Cárcaba

Tempo, habitando na pel, nos ósos, naquelo que se move duns a outros, habitando na súa pel, nos seus ósos, naquelo que os move, a uns e a outros, ... descubrir un momento mentres outros empezan a correr en busca do seu tempo, que habitará a súa pel, os seus ósos e moverase... duns a outros.

EL PESO DEL ORO / Milki Lee / Aragón

Intérprete e coreografía: Milki Lee | Vision Externa: Teresa Magallón.

Peza basada en imaxes do poemario "Alfabeto" de Inger Christensen. Os seus versos fan nudos na miña pel e gorxa. Deles e o seu resonar na miña cabeza naceu a canción que dá título e conexión á peza entre os seus poemas e a danza.

ROJO / Victoria P. Miranda / Madrid

Idea, coreografía e interpretación: Victoria P. Miranda | Asistente de coreografía: Carmen Werner | Vestiario: Matías Zanotti e Victoria P. Miranda

ROJO é un proxecto que plantexa o corpo como primeiro terreo de encontro con nós, co mundo, como espazo de pensamento, produtor de unidades de sensación, de conceptos, de pracer, os nosos corpos no caos, os nosos corpos coma pontes, reflexionando sobre os nosos contextos, interésame atoparme na diferenza, no desacordo, no disonante, devir a creación desde o corpo, desde o movemento vital.

·**Entrega de premios:**

Premio SóLODOS En Danza Ourense 2019 con Xira a Costa Rica

Premio Xove

Premio do Público

Premio Semifinalista no Certamen Internacional de Coreografía Burgos - New York 2020

24 DE NOVIEMBRE - DOMINGO - EXTENSIÓN PROGRAMA DE FORMACIÓN EN A CORUÑA

Nesta edición o espazo Laboratorio Escénico Coop. de A Coruña acolle unha extensión do programa de formación de Sólodos En Danza Ourense 2019 con 6 horas de formación o 24 de novembro a cargo de Victoria P. Miranda, Milki Lee e Nacho Cárcaba.

Info e inscricións A Coruña: formacion@laboratorioescenicocoop.com | 881 30 59 70

Certame de Creación de Dúos e Solos / PEZAS SEMIFINALISTAS

1ª semifinal

DESAPARECER EN TRES ACTOS / Julia Nicolau / Madrid Coreografía e intérprete: Julia Nicolau

Desaparecer en tres actos é o resultado final dun proceso exploratorio sobre a desaparición do corpo a través do movemento. Substéntase en tres conceptos que, ao meu entender, me achegan á des-subxectividade e o silencio que supón a desaparición. A espera: aquela que nos conduce ao tedio, ao que se estanca e redundante. A ausencia do outro; o baleiro provocado pola desaparición da outredade. E A felicidade, momento no que os meus pés deixan de tocar a terra e casi pode sentir que voo.

11.11 / Rocio Suárez / Argentina - Chile - Cataluña Coreografía: Rocio Suárez | Intérpretes: Rocio Suárez e Ignacio Jiménez

“11.11” é un dúo que danza sobre a igualdade mentres bailamos. Unha igualdade ficticia, xa que é imposible que dúas persoas sexan iguais, ben por razóns físicas, pero tamén por motivos circunstanciais, como son o espazo e o tempo. E, a pesar da súa imposibilidade, esta coreografía segue propoñendo intencionadamente, así como azarosamente, a situación máis semellante posible entre ambos corpos danzantes.

MIÑAXOIA / Clara Ferrao / Galicia Coreografía e interpretación: Clara Ferrao | Dirección: Maximiliano Sandford

Un corpo, unha vibración, un estralo, unha fractura. Non me destrúe. Esta situación non se ten en conta, e eu, miñaxoia, confío en que isto vai mudar. Ás veces todo parece invisible, so está o corpo, so a fatiga, so o movemento inagotable que me permite recoñecer onde me atopo. A casualidade organizada abre un espazo en branco no que poder entrar. O corpo se difumina, atopa unha nova vibración. O corpo se transforma, haberá unha solución que descoñeza.

EFFECTO SIAM / Colectivo Sin Par · Lara Misó e Wilma Puentes / Andalucía Coreografía e intérpretes: Lara Misó e Wilma Puentes

Con “Efecto Siam” queremos explorar o concepto da unión física entre dúas persoas, tal e como ocorre cos siameses. Indagar así, a través dun debate mudo, na permisividade do movemento con esta restricción e implicando olado emocional que isto podería conlevar. Comunicamos a través de contrasinais kinestésicas e enfatizando na dependencia inherente de dous seres humanos que chegaron a mundo dentro da mesma pel.

PHASE / Mario González / Madrid Coreografía e interpretación: Mario González

Peza individual que fala sobre as regras sociais introducándose nun proceso de desobediencia desde a nosa parte máis visceral. Phase fala sobre todo o que non encaixa. Conduce a un proceso de duelo entre o establecido e noso instinto. Poderíamos imaxinar aquel rapáz que non recoñece a súa sexualidade ou que non entende de relixións. Todos experimentamos un momento de duelo para volver a creamos.

2ª semifinal

MUJER / Sybila Gutiérrez · Cía Dunatacá / Comunidad Valenciana Coreografía e interpretación: Sybila Gutiérrez

¿Quen é sempre unha mesma persoa? Eu son moitas e polo menos hoxe quero mostrarte varias versións da muller que habito. Cóstame ensinar-te as miñas tripas, contarte a miña historia, porque aí vas a verme realmente, núa. Ás veces poño un “traxe” para sobrevivir, un vestido de vode de anuncios e nais. Outras móstrome vulnerable na intimidade. Quizais hoxe decida dicir basta, ser o que non se pode, camiñar cos meus propios pasos. Unha viaxe entre o mostrarse e non, entre o habitar ese “traxe” ou rompelo.

LO INVISIBLE / Rolando Salamá e Katia Humenyuk · Cía No Bautizados / Ucrania - Chile - Madrid

Coreografía e interpretación: Rolando Salamá e Katia Humenyuk

Lo Invisible é unha peza de danza que explora as sensacións vitais dalgúns momentos determinantes da vida dunha persoa. Esta peza é unha danza do consciente e o inconsciente, do visible e o invisible, das forzas que nos alonxan dos nosos soños, que nos someten, pero tamén dunha natureza indomable que se revela ante o que poida apartarnos do esencial do noso camiño, e onde os intérpretes sogan coas súas diferenzas físicas e de experiencias de vida para mostrar a dualidade deste ser, representando cada un dos bailaríns as súas contradicións, acertos, anhelos e medos.

BASIUM / Alexander Espinoza / Ecuador - Comunidad Valenciana Coreografía: Alexander Espinoza / Interpretación: Carmela García e Alexander Espinoza

A proposta intenta mostrar as fases polas que pasa un bico, aínda que non de maneira lineal no tempo, sensacións como flotar no aire, derretirse pola idea dun bico, ou afogarte por tantas sensacións xuntas, como non só é divertido se non adictivo.

OPP / Lara Munín / Galicia - Cataluña Coreografía e interpretación: Lara Munín

“Opp” está inspirada no meu avó. El padecía unha miopatía muscular que lle impedía mover correctamente o tronco inferior do corpo. Tomei esta idea, e dinlle a volta. ¿Que ocorrería si o único que se pode mover con absoluta consciencia e control son as pernas? A través da investigación desta idea, desenvolvín unha calidade persoal de movemento. Opp pode falar da existencia de contrarios, da dualidade de feitos e decisións e a búsqueda do acordo para o avance; pero tamén de moitas outras cousas porque o seu diálogo interno convida á audiencia a crear a súa propia historia e facer as súas propias conexións.

ESE PÁJARO NO PUEDE ESTAR EN ESTA PLAZA / Violeta Iriberrí / Cataluña Coreografía: Violeta Iriberrí / Interpretación: Raúl Lorenzo e Violeta Iriberrí

Ese paxaro non pode estar nesta praza arrástranos ao mundo desbordado de dous personaxes, baixo unha trama absurda cun paxaro inexistente, que nos sitúan como espectadores na observación do conflito que os remove. Unha historia conectada mediante insinuacións e medias palabras cantadas, onde se sospeita que algo os axita e revolotea. Dous personaxes esaxerados e cheos de aspasentos, baixo o drama e a anécdota desmedida, o exceso e a sutileza, que poñen ás a este alboroto da núa.

www.solodos.es

Equipo SÓLIDOS En Danza Ourense 2019

Dirección e coordinación: Erick Jiménez e Maruxa Salas | Xefe técnico: Afonso Castro | Producción, web e imaxe: Manu Lago